

Cal é o prazo para solicitala?

O prazo de presentación de solicitudes comeza o 29 de abril de 2019 e finaliza ás 23.59 horas (hora peninsular española) do 2 de xullo de 2019.

Como solicito a bolsa?

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través dun formulario electrónico normalizado que figura nunha aplicación informática dispoñible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Como solicito a admisión a estudos de FP de grao superior?

Deberanse seguir as instrucións do procedemento de admisión e respectar os prazos do calendario publicados no enderezo web: www.edu.xunta.es/fp/informacion-xeral.

+ información:

www.edu.xunta.es/fp
retornaftp@edu.xunta.gal

+ información

<http://emigracion.xunta.gal>
oficina.emigracion@xunta.gal
retorno.emigracion@xunta.gal



Bolsas
Mocidade Exterior
FORMACIÓN PROFESIONAL

galicia

Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA

galicia



A **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional** convocará **100 bolsas** co fin de que a mocidade do exterior, que cumpra os requisitos da convocatoria, poida cursar estudos de formación profesional de grao superior que se inicien no curso académico 2019-2020 nun centro de Galicia con ensinanzas sostidas con fondos públicos.

Quen pode solicitalas?

A cidadanía galega residente no exterior que cumpra o disposto no artigo 3 da Orde pola que se convocan as bolsas.

Que requisitos debo cumprir no prazo de presentación de solicitudes para poder solicitar a bolsa?

- 1) Ser menor de 30 anos.
- 2) Estar en posesión da nacionalidade española.
- 3) Residir no estranxeiro.
- 4) Ter residido no estranxeiro os dous anos anteriores á data de presentación da solicitude.
- 5) Ser emigrante nacido/a en Galicia ou que residira en Galicia de forma continuada durante 10 anos con nacionalidade española antes de emigrar, ou ser descendente dunha destas persoas e ter nacido no estranxeiro.
- 6) No caso das persoas nadas no estranxeiro, estar vinculadas a un concello galego.



Que requisito debo cumprir con carácter previo á concesión da bolsa para ser adxudicatario/a da bolsa?

Estar matriculado/a no curso 2019-2020:

- No 1º curso dun ciclo de grao superior de formación profesional en réxime ordinario sostido con fondos públicos.
- No 1º ano dun proxecto de formación profesional dual sostido con fondos públicos.
- No réxime das persoas adultas, na modalidade presencial, nun mínimo de 800 horas (sumada a carga horaria total atribuída a cada módulo) sostido con fondos públicos.



Cal é a duración dos ciclos de grao superior de FP?

Os títulos FP teñen unha duración de 2 000 horas, distribuídas:

- No réxime ordinario dous cursos académicos como mínimo.
- No réxime das persoas adultas dous cursos académicos e un trimestre como mínimo.
- Na modalidade dual poderase estender ata tres anos.

Cal é o importe da bolsa?

Dotación total da beca: 10 000€

Os pagamentos distribuiranse do seguinte xeito:

- Curso 2019-2020: 3 000€ no primeiro trimestre e 2 000€ no 2º trimestre.
- Curso 2020-2021: 3 000€ no primeiro trimestre e 2 000€ no 2º trimestre.